



## DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 19 de maio de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 09 de maio, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Infraestruturas, mediante providencia de data 25 de abril, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**:

### 1.- Aprobar a modificación orzamentaria 13-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N130.1650.61909	Ampliación e mellora alumado público	34.978,20 €
TOTAL.....		34.978,20 €

ORIXE DOS FONDOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
75037	Subv. Xunta Renovación Luminarias Ponte Milenio	34.978,20 €
TOTAL.....		34.978,20 €

### 2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

**Código:** 17.2.13.06

**Título:** Renovación luminarias Ponte Milenio

**Importe:** 34.978,20 €

**Período de execución:** Ata 30-11-2017

**Aplicación orzamentaria de gasto:**

N130.1650.61909 Ampliación e mellora alumado público 34.978,20 €

**Financiación:** Subv. Xunta Renovación Luminarias Ponte Milenio (concepto de ingresos 75037)

**Axente:** Xunta de Galicia (S1511001H): 34.978,20 €

**Vinculación:** Cualitativa e cuantitativa

### 3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.